Reposición do vial afectado pola gabia mediante capa de rodadura de 5 cm. de mistura bituminosa en quente AC16 50/70 surf S de **todo o ancho do vial** (para viais de anchura < 4 m.) **ou na metade da sección do vial** para viais de anchura > 4 m., previo fresado da zona a pavimentar.

- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.

- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2026/000118)

PRP2026/0856

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Alfredo Álava López, para obras de acometida á rede de auga municipal de uso doméstico nun inmovible situado na rúa 6, nº 8 - A Rosaleda (Ref. Cat.: 8153069NH1185S0001PL), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 50 x 50 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- A conexión da devandita acometida á rede municipal de abastecemento deberá ser executada pola empresa Concesionaria do Servizo Municipal de Augas.(Exp. URB/2026/000144).

PRP2026/0857

Informar favorablemente a solicitude de D. Alfonso Fernández Pérez en representación de PEREZ & ALONSO TRADE S.L.. de legalización de obras de renovación de local situado na rúa Ramón y Cajal nº 8, baixo A (Ref. Cat.: 9462004NH1196S0001BJ), tal e como se indica na documentación presentada.(Expte. URB/2026/000159)

PRP2026/0858

Informar favorablemente a solicitude de Equipo Vestel Ingenieros Sociedad Limitada en representación de FARO DE CORRUBEDO S.L. para obras de ampliación da rede eléctrica e nova canalización soterrada de 155 m. para instalación de liña de Alta Tensión, Centro de Transformación en Edificio e liñas de Baixa Tensión para alimentar as CGP de edificio de vivendas, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e-unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia- solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder á súa inspección.

- Previo ao inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións :**

#### **GABIA TRANSVERSAL**

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado **da gabia e 3 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente AC16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respectando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

#### **GABIA LONXITUDINAL**

Reposición do vial afectado pola gabia mediante capa de rodadura de 5 cm. de mestura bituminosa en quente tipo AC 16 50/70 surf S de **todo o ancho do vial** (para viais de anchura < 4 m.) ou **na metade da sección do vial** para viais de anchura > 4 m., previo fresado da zona a pavimentar.

- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
- As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
- A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mestura bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
- **AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:** Non se identifica a necesidade de recabar autorizacións sectoriais.
- .A fianza de 5.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2026/000169)

PRP2026/0867

Informar desfavorablemente a solicitude de D. José Manuel Montoto Sanmartín, para acometida á rede municipal de saneamento na rúa Veiga de Cima - Sobradelo (Ref. Cat.: 8553842NH1185S0001TL), posto que consultados os datos obrantes no catastro non consta ningunha edificación na dirección sinalada, polo que dando cumprimento á ordenanza municipal non é posible autorizar a conexión ao saneamento. (Expte. URB/2026/000062)

PRP2026/0873

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Annie Daniela Cruz Malpica en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras na rede eléctrica na rúa Bárbara nº 4, Cornazo (Nº SDG: 638225120022) consistentes na ampliación da rede eléctrica e nova canalización soterrada de 23 ml de 0,4x1,00 m. en tubo PEAD diámetro 160 mm. para alimentación de CPM de cliente, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e -unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia- solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder á súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións :**

Reposición do vial afectado pola gabia mediante capa de rodadura de 5 cm. de mistura bituminosa en quente AC16 50/70 surf S de **todo o ancho do vial** (para viais de anchura < 4 m.) **ou na metade da sección do vial** para viais de anchura > 4 m., previo fresado da zona a pavimentar.

- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.

A fianza de 1.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2026/000155)

PRP2026/0874

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Annie Daniela Cruz Malpica en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, SA, para obras na rede eléctrica na rúa Camilo José Cela, 23 (Nº SDG: 638225100004) consistentes na ampliación e nova canalización de 43 ml soterrada da rede eléctrica de 0,2 x 0,8 m. en tubo PEAD diámetro 160 mm. para alimentación CPM de cliente, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. ( Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos

municipais soterrados afectados polas obras e -unha vez executada a canalización e antes de tapiar a gabia- solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder á súa inspección.

- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar ás distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
- **Reposicións :**

#### **Reposición da beirarrúa coa mesma tipoloxía cá existente.**

##### **GABIA TRANSVERSAL**

Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse ao fresado da gabia e 3 m a cada extremo, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respectando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

Para a reposición do vial estarase ao disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación á execución dos traballos, que terán a consideración de obras "vinculadas" á licenza de obra concedida.

- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- O solicitante adoptará ao seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- **Autorizacións Sectoriais**

Non se identifican afeccións a outros organismos (Declarada innecesariedade de autorización de ADIF)..

- A fianza de 2.000,00 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2026/000154)

PRP2026/0883

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Concepción Marcos Ramos, para autorización das acometidas ás redes municipais de auga e saneamento nunha vivenda situada na rúa Pío XII, nº 22 (Ref.Cat. 9152103NH1195S0001RM).

Realizada visita de comprobación ao inmovible polo enxeñeiro técnico municipal, para verificar a axeitada execución das acometidas, compróbase que xa están executadas correctamente, dando a súa conformidade á conexión das mesmas. (URB/2025/000716)

PRP2026/0890

Informar favorablemente a solicitude presentada por INVALL S.A. en representación de ENDESA MOBILITY S.L. de desistimento á tramitación da licenza para instalación de puntos de recarga de vehículo eléctrico na rúa Daniel Espiño nº 5, Trabanca Badiña (Ref.Cat.:0761002NH2106S0001JH)

e posterior arquivo, debido a que consta no Concello expediente de comunicación previa URB/2024/000655 en tramitación polo mesmo obxecto (Expte. URB/2026/000163)

PRP2026/0891

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Rosa María Álvarez Búa en representación de COM. PROP. PABLO IGLESIAS 7, para obras de conservación e mantemento de fachada e cuberta en edificio situado na rúa Pablo Iglesias nº 7 (Ref. Cat.: 9665005NH1196N), tal e como se indica na documentación presentada, sen modificación de volume e estrutura.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ao contratista, nas obras menores, ou aos axentes intervintes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquera caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicáselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano.

(Expte. URB/2026/000231)

## **LICENZAS DE OBRAS MAIORES**

PRP2026/0861

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Fernández Calvo en representación de COM. PROP. EMILIA EDUARDO GAPROVI I, vistos os informes técnico e xurídico, para mellora de accesibilidade en edificio de vivendas situado na rúa Arcebispo Xelmírez 1 (Ref. cat.: 9559801NH1196S), de conformidade co proxecto técnico redactado pola arquitecta Dna. Carolina Couselo Fariña, asinado electronicamente o 25/01/2024.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento

( Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/001191)

PRP2026/0862

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Raimundo Ferreirós Ferro en representación de TANDEN RENOV, S.L., vistos os informes técnico e xurídico, para acondicionamento de baixo a vivendas en inmovible situado na Avd. Rosalía de Castro nº 113, baixo D (Ref. Cat.: 9077202NH1197N0019WK), de conformidade co proxecto básico de acondicionamento de local a dúas vivendas individuais, redactado polo arquitecto D. Raimundo Ferreirós Ferro, asinado electronicamente o 09.10.2024 e Planos Ha01 e Ar02 asinados 10.12.2025. Consta plano e informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, asinados electronicamente o 17.11.2025, segundo o cal a parcela obxecto do expediente non linda co DPMT, non invade e está fóra de afección das servidumes de tránsito e de protección de costas de 20 m., e a edificación existente na parcela está fóra de afección.

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento ( Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e

- apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
  - De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
  - No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
  - Antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución, debidamente visado polo Colexio Oficial correspondente xunto co Estudo de Seguridade e Saúde e oficio de coordinación de seguridade e saúde.
  - Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación ( Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG ( Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarse igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). (Expte. URB/2024/000891)

PRP2026/0863

Dar conformidade ao proxecto de execución presentado por D. Fco. Javier Reboredo Chaves en representación de D. Óscar Prego Betanzos, para construción de vivenda unifamiliar na rúa do Adro nº 24, Cornazo (Ref. Cat.: 0143109NH2104S0001ET), redactado polo arquitecto D. Fco. Javier Reboredo Chaves con visado colexial de data 09.05.2025, posto que se axusta ao proxecto básico que obtivo licenza por resolución de Alcaldía de data 12.03.2025. (Expte. URB/2024/000254)

PRP2026/0879

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. Olalla Ríos Riveiro en representación de D. Vicente Castro Fernández, vistos os informes técnico e xurídico, para demolición parcial, ampliación e legalización de edificación complementaria a vivenda situada na rúa da Rosa nº 22, Carril (Ref. Cat.: 8687205NH1188N0001AH), de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta Dna. Olalla Ríos Riveiro, con visado colexial do 15.12.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento ( Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e

359 do RLSG)

- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/001218)

PRP2026/0880

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Mario Trigo Hombre en representación de ASOCIACIÓN AUTISMO BATA, vistos os informes técnico e xurídico, para conversión de local en aloxamento tutelado na Avd. Rodrigo de Mendoza, 20-1º - Local F (Ref. Cat.: 9556219NH1195N0012YM), de conformidade co proxecto básico de "Conversión del local en alojamiento tutelado (Servicio de supervisión y apoyo puntual en equipamientos especiales)", redactado polo arquitecto D. Iago Pena Marichalar, asinado electronicamente o 01.10.2025 e Memoria do proxecto básico asinada electronicamente con data 03.11.2025, así como de conformidade co proxecto de execución redactado polo arquitecto D. Iago Pena Marichalar, visado con data 09.03.2026.

Consta autorización de creación/construción de centro de servizos sociais vivenda (apartamento con apoio BATA FEXDEGA, da Consellería de Política Social e Igualdade, de data 23.02.2026 (expt. autonómico BS103D2025/76).

- No caso de que se cumpran as condicións previstas no Artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de finalización de tres (3) anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente ( Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes

- esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
  - Unha vez que se rematen as obras de acondicionamento do local achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade (art. 11.2 do Decreto 144/2016). Xunto coa comunicación de inicio de actividade achegarase autorización e/ou informe favorable emitido polo órgano competente en Servizos Sociais para a súa posta en funcionamento. (URB/2025/000942)

## **COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS**

PRP2026/0859

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza outorgada a favor de Dna. Rosa María Nogueira Carballo en data 19.10.2000 para o exercicio da actividade de bar nun local situado na rúa Arcebispo Lago 6, baixo (Ref. Cat.: 9261504NH1196S0003UL), quedando subrogada Dna Berta María Fernández Viña na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 BAR do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 17.02.2026.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2025/000119)

PRP2026/0860

Informar favorablemente a comunicación de cambio de titularidade da licenza transmitida a favor de D. Pedro Suárez Nogueira mediante resolución de alcaldía de data 15.03.2021, para o exercicio da actividade de bar nun local situado na rúa Castelao nº 7, baixo (Ref. Cat.: 9360001NH1196S0060OS), quedando subrogada a entidade BIANCO VILAGARCÍA S.L., representada por D. Marcos Méndez Varela, na posición do anterior titular cos efectos previstos no Art. 20.3 do Decreto 144/2016:

"3. A responsabilidade do cumprimento dos requisitos administrativos a que estivese sometida a actividade ou o establecemento trasladarase á nova persoa titular a partir do momento en que o cambio de titularidade se fixese efectivo, con independencia da data en que se leve a cabo a comunicación do cambio de titularidade prevista neste artigo....."

Así mesmo, informar favorablemente a declaración responsable de asimilación á actividade de III.2.5.3 BAR do vixente catálogo, recollido no Anexo do Decreto 124/2019, asinada dixitalmente o 20.02.2026.

Darase traslado do presente acordo ao Departamento de Rendas, aos efectos oportunos (Expt. ACTI/2026/000001)

PRP2026/0865

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por D. Pedro Taboada de Zúñiga Campos en representación de PÉREZ Y ALONSO TRADE S.L., para inicio da actividade de salón e instituto de beleza (Epígrafe 972.2) en local situado na rúa Ramón y Cajal nº 8, baixo B, con referencia catastral 9462004NH1196S0001BJ, de conformidade coa documentación presentada e informe técnico de visita de comprobación emitido ao respecto en data 12.03.2026. (Expt. ACTI/2023/000090)

## TERRAZAS

PRP2026/0866

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Manuel Álvarez Fonseca, para instalación dunha terraza con mesas e cadeiras, vinculada ao establecemento denominado "BAR NOVO BATEL" situado na Praza da Liberdade nº 5, Carril; baixo as seguintes condicións:

- A terraza constará da instalación de 9 veladores para un aforo de 36 persoas, ocupando unha superficie de 26 m<sup>2</sup> na Praza da Liberdade de Carril nun rectángulo de 5,18 m de ancho por 5 m. de distancia dende a fachada do establecemento, de conformidade co plano de distribución e implantación presentado coa solicitude de licenza.

- Non se solicitan mamparas nin parasois, polo que non procede a súa colocación ao non terse licenza para a súa colocación.

- Deberanse respectar en todo momento as dimensións da superficie autorizada e as condicións establecidas na vixente Ordenanza de terrazas e moi especialmente as que se relacionan a continuación:

- Finalizado o horario de funcionamento da terraza, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado. (art. 24)
- Todos os elementos que se instalen, incluso os que non se contemplan na solicitude como anuncios de menús, elementos decorativos, etc... deberán respectar os límites de superficie autorizados.
- O solicitante será responsable de que o seguro de Responsabilidade Civil estea en vigor e estenda a súa cobertura á terraza durante todo o tempo que dure a autorización.
- Tamén será responsabilidade do interesado o cumprimento dos horarios establecidos así como que os clientes non dificulten a libre circulación de peóns. A estes efectos respectarase o largo dos itinerarios peonís accesibles.
- A instalación da terraza non poderá interferir o libre uso do mobiliario urbano.
- A autorización poderá ser suspendida, total ou parcialmente por razóns de interese Público consonte ao disposto no art 11 da ordenanza.
- A ocupación e aforo que se informa deberase considerar máximo e aplicar sobre tales parámetros as restricións que en cada momento sexan de aplicación por motivo da emerxencia sanitaria. A validez da autorización é anual abrangendo dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026. Finalizado o prazo da mesma, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretenden modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.
- A veracidade dos datos aportados é responsabilidade do solicitante. A autorización quedará sin efecto en caso de comprobarse algunha incorrección ou falsedade nos documentos da solicitude.
- Deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da autoridade municipal copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación.

- Serán de aplicación, en todo caso, as determinacións establecidas na Ordenanza Reguladora da Actividade de Ocupación de Terreos de Uso Público con Mesas e Cadeiras (núm. 200 do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 19.10.2016).
- Quedan expresamente prohibidas as actuacións musicais en directo e a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas
- Darase traslado do acordo ao Departamento de Rendas e á Policía Local aos efectos oportunos. (Expte. T/2026/000003)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.